


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL  
O DÍA 25.05.2020**

Celebración do Pleno telemático a través da ferramenta google meets. Sendo ás 20 horas do día 25 de maio de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

**ASISTENTES:**
**SR. ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Xosé Lois García Carballido

**SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:**
**Polo PSdeG-PSOE:**

D. Miguel Ángel González Gómez.

 D<sup>a</sup>. Raquel Fondo Pérez

D. Faustino Santiago Lema

 D<sup>a</sup>. Noelia María Varela Suárez

 D<sup>a</sup>. Ana Pérez Imia

D. Salvador Eiroa Ameijenda

 D<sup>a</sup>. María Teresa Chouciño Calvete

**Polo Partido Popular, PP:**

 D<sup>a</sup>. Marta María Carrillo Aguiar

D. Jesús Daniel García Cotelo.

 D<sup>a</sup>. Beatriz Martínez Calvo

**Por APIN-SON Ponteceso:**

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

**SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-**

-----

**SECRETARIA : D<sup>a</sup> ANTÍA PENA DORADO**
**INTERVENTORA: D<sup>a</sup>. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ**

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión. A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

**1º. APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-**

Correspondente á sesión do Pleno celebrada o día 18.03.2020, de carácter extraordinario urgente

Por parte da presidencia tómase a palabra e antes de nada quere adicar unhas palabras para todas as persoas que faleceron a causa da COVID -19 así como as súas familias, e destacar a solidariedade de moitas persoas en relación con esta enfermidade.

De seguido por parte do Sr. Alcalde pregúntase se existe algunha aclaración respecto da acta. Por parte do portavoz do PP, D Daniel García Cotelo indica que eles respecto deste pleno meteron unha instancia pola suspensión da celebración de esta sesión, ao que o Sr Alcalde solicita que pola Sra. Secretaria se aclare se neste punto procede esta consideración. Por parte da Sra. Secretaria indícase que aquí soamente procede a votación a favor ou en contra da mesma, recollendo as aclaracións respecto das consideracións recollidas nesa acta.



**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Non existindo aclaracións ao respecto a acta enténdese aprobada por unanimidade.

**2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-**

Dáse conta das resolucións e decretos ditados pola Alcaldía dende a última que se dou conta ao Pleno e que son as seguintes: Desde a núm. **38/2020** do 21.01.2020, ata a **292/2020**, do 18.05.2020, cuxas copias foron postas a dispor dos concelleiros dende a convocatoria da sesión, e que se incorporan ao expediente. Os membros do Pleno dánse por enterados.

**3º.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MCI5TC06 -20. EXP: 2020/X999/000174**

Por parte do Sr. Alcalde indícase que a confección da orde do día entra dentro das competencias de Alcaldía polo que decide retirar este punto da orde do día .

**4º.- PROPOSTA ACORDO: Derogación da Ordenanza Fiscal nº 9, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.**

Debido á rapidez na evolución da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, a escala nacional e internacional, o Goberno estatal, ao amparo do disposto no artigo catro, apartados b) e d), da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos estados de alarma, excepción e sitio, declarou, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, o estado de alarma en todo o territorio nacional co fin de afrontar a crise sanitaria, o cal foi prorrogado en catro ocasións, ata as 00:00 horas do día 24 de maio de 2020, nos termos expresados na devandita norma.

O artigo 10 do citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, recolle as medidas de contención no ámbito de establecementos e locais comerciais, actividades de hostalería e restauración, contemplando o seu apartado 6 unha habilitación ao Ministro de Sanidade para modificar, ampliar ou restrinxir as medidas, lugares, establecementos e actividades enumeradas nos apartados anteriores, por razóns xustificadas de saúde pública, podendo por tanto ampliar esta suspensión a aqueles outros supostos que se consideren necesarios.

No momento actual, España iniciou un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e do contacto social establecidas mediante o citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Así, o pasado 28 de abril de 2020 o Consello de Ministros adoptou o Plan para a transición cara a unha nova normalidade que establece os principais parámetros e instrumentos para a consecución da normalidade. Este proceso articulado en catro fases, fase 0 a fase 3, haberá de ser gradual e adaptable aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

Todas estas medidas supuxeron que sector hosteleiro e da restauración estea a atravesar importantes dificultades económicas, posto que dende a declaración do estado de alarma, todos estes establecementos deberon permanecer pechados e cando se aplique a fase I do Plan para a transición cara unha nova normalidade os negocios de restauración so poderán abrir as terrazas cun nivel de ocupación inicial do 30%, que posteriormente foi ampliado ao 50%.

Tendo en conta o informe de secretaría do 8.05.2020

Tendo en conta o informe de intervención do 10.05.2020

Por outra banda, Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional terceira,

**CONCELLO DE PONTECESO**Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

suspensión de prazos administrativos, dispón a suspensión dos termos e prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O R.D. 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o apartado o R.D. 463/2020, no apartado catro do seu artigo único modifica disposición adicional terceira, engadindo o apartado 4, o cal establece: "Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.

Por parte desta Alcaldía considérase esencial continuar con este procedemento dado que precisamente este sector hosteleiro estase a ver fortemente golpeado polo estado de alarma decretado pola situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID -19, dado que dende o seu inicio tiveron que suspender a súa actividade económica e tras a Orde SND/399/2020, de 9 de mayo, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade, o reinicio da súa actividade estará moi limitado e moi lonxe de acadar unha rendabilidade ao 100%.

Tendo en conta a capacidade de autoorganización das Corporacións Locais, recoñecida polos artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, 24.b) do Real Decreto 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como a Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21, 22 e 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Propoño resolver, previo ditame da Comisión Informativa:

**PRIMEIRO.-** Declarar esencial a aprobación inicial da derogación desta ordenanza dado que precisamente este sector hosteleiro estase a ver fortemente golpeado polo estado de alarma decretado pola situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID -19, posto que dende o seu inicio tiveron que suspender a súa actividade económica e tras a Orde SND/399/2020, de 9 de mayo, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade, o reinicio da súa actividade estará moi limitado e moi lonxe de acadar unha rendabilidade ao 100%.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente a derrrogación da Ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa no Concello de Ponteceso, como medida de apoio o sector hosteleiro e de restauración do Concello

**TERCEIRO.-** Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.

A Comisión Especial de Contas, na reunión celebrada o día 19.05.2020, ditaminou en sentido favorable a proposta de acordo.



**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere intervir, e pide a palabra o Sr. García Cotelo , portavoz do PP, que indica que tal como manifestaron na Comisión Informativa, esta medida parécelle insuficiente, e discriminatoria , posto que esta medida soamente beneficia a uns poucos hosteleiros que teñen terraza e que supón que a moción que eles presentan e se debatirá despois recolle parte de esas medidas complementarias.

Por parte do voceiro de APIN, Sr. Pose Verdes, indícase que non ten nada que engadir.

Por parte do Sr. Alcalde, facendo uso da palabra, indícase que parte de esas medidas complementarias previstas na moción do PP entende que van beneficiar e complementar esas axudas ao sector hosteleiro e se debatirán despois no seguinte punto referente ao Plan de acción municipal para a reactivación económica da Costa da Morte.

Este é un punto de carácter ecómico que está sometido a esta tramitación, e considera que é una medida necesaria para darlle certo alivio aos hosteleiros e que poidan ampliar as terrazas e facilitar en todo o posible desde o punto de vista técnico e político certas medidas que resulten favorables a súa actividade económica.

De seguido dase a palabra a Sra. Secretaria que procede a lectura da proposta de acordó antes da votación:

“Propoño resolver, previo ditame da Comisión Informativa:

**PRIMEIRO.-** Declarar esencial a aprobación inicial da derogación desta ordenanza dado que precisamente este sector hosteleiro estase a ver fortemente golpeado polo estado de alarma decretado pola situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID -19, posto que dende o seu incio tiveron que suspender a súa actividade económica e tras a Orde SND/399/2020, de 9 de mayo, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade, o reinicio da súa actividade estará moi limitado e moi lonxe de acadar unha rendabilidade ao 100%.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente a derrogación da Ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa no Concello de Ponteceso, como medida de apoio o sector hosteleiro e de restauración do Concello

**TERCEIRO.-** Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.”

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 do PSOE e 2 de APIN

Votos en contra: --

Abstencións: 3 do PP

Polo que o Pleno da Corporación, por maioría absoluta (10 votos), ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Declarar esencial a aprobación inicial da derogación desta ordenanza dado que precisamente este sector hosteleiro estase a ver fortemente golpeado polo estado de alarma decretado pola situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID -19, posto que dende o seu incio tiveron que suspender a súa actividade económica e tras a Orde SND/399/2020, de 9 de mayo, para a flexibilización de


**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición hacia unha nova normalidade, o reinicio da súa actividade estará moi limitado e moi lonxe de acadar unha rendabilidade ao 100%.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a derrrogación da Ordenanza fiscal nº 9, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa no Concello de Ponteceso, como medida de apoio o sector hosteleiro e de restauración do Concello

TERCEIRO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado.

**5º.- PROPOSTA PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL PARA REACTIVACIÓN ECONÓMICA DA COSTA MORTE**

A crise sanitaria desatada polo coronavirus vai máis alá da urxencia de atender ás persoas enfermas e de frear a pandemia. Ten consecuencias nos hábitos de vida, no valor do fogar, no calendario escolar, na forma de traballar e tamén na actividade económica e no emprego. Provocou alteracións na oferta de produtos e servizos e tamén produciu unha contracción da demanda global. Hai un antes e un despois desta situación e debemos prepararnos para encaixar a nosa sociedade neste novo paradigma.

Por iso, desde as áreas de Desenvolvemento Local dos concellos da Costa da Morte estívose a desenvolver una pequena análise dos cambios desatados e elaborouse un plan con accións para o curto, o medio e o longo prazo destinado a minimizar os efectos negativos da pandemia, a acortar o prazo de recuperación e a consolidar a sustentabilidade social, económica e medioambiental do territorio tendo en conta a súa identidade e aos deferentes grupos de interese que acolle.

Entre os obxectivos deste traballo fixéronse:

- 1) Coñecer as características socioeconómicas do territorio de referencia.
- 2) Coñecer o impacto da pandemia na sociedade en xeral e na economía en particular.
- 3) Levar a cabo un proceso de participación para as fase de diagnose e de planificación.
- 4) Ofrecer propostas de actuación aos concellos e a outros entes que toman decisións no e sobre o territorio.

Este plan de recuperación comercio presentouse o luns 11 de Maio en Vimianzo.

No espírito de colaboración mutua entre as forzas políticas de Ponteceso, e en alianza coas organizacións empresariais e sindicais.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21, 22 e 25.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Propoño resolver, previo ditame da Comisión Informativa:

1. Aceptar o plan como folia de ruta e marco de referencia, e poñer en marcha cantas máis accións concretas sexan posibles, a proposta dos 3 partidos da Corporación de Ponteceso, previa tramitación dos correspondentes expedientes administrativos que procedan.

2. Avaliar periódicamente, a través das reunións dos órganos de Goberno municipal, a posta en marcha destas medidas.



**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

A Comisión Informativa de asuntos de pleno, na reunión celebrada o día 19.05.2020 ditaminou en sentido favorable a proposta de acordo.

O Sr. Alcalde explica a proposta e indica que quere ofrecerlle una proposta de transacción ao PP, engadindo as melloras recollidas na moción presentada por urxencia a esta proposta, sempre que sexan compatibles coa LBRL.

Por parte do voceiro do PP, Sr García Cotelo indícase que non teñen a documentación, que non poden votar a favor dunha proposta en branco, carecendo das 71 follas que forman parte dese plan de reactivación económica.

Por parte do voceiro de APIN, Sr Pose Verdes, indícase que el si recibiu a documentación, pero o que non lle consta é o contido da moción. Considera que este plan é un corta e pega, e considera que moita desa información non ten moita utilidade. Considera que o máis adecuado sería ver os cartos dos que se dispón e en base a eso establecer unas prioridades nas verdadeiras necesidades.

Por parte do Sr. Alcalde indícase ao voceiro do PP, que podería aceptar esa transacción en aras da colaboración, para acadar un ben común, ao que o voceiro do PP responde que eso debatirase no punto das mocións.

Polo tanto o Sr. Alcalde dalle a palabra a Sra. Secretaria para que procede a lectura da proposta de acordo, que no seu literal di:

“Propoño resolver, previo ditame da Comisión Informativa:

1. Aceptar o plan como folla de ruta e marco de referencia, e poñer en marcha cantas máis accións concretas sexan posibles, a proposta dos 3 partidos da Corporación de Ponteceso, previa tramitación dos correspondentes expedientes administrativos que procedan.
2. Avaliar periódicamente, a través das reunións dos órganos de Goberno municipal, a posta en marcha destas medidas. “

Finalizada a lectura sométese a votación.

Votos a favor: 8 do PSOE

Votos en contra:---

Abstencións: 5 (3 do PP e 2 de APIN)

Polo que, o Pleno, maioría absoluta (8 votos), ACORDA:

1. Aceptar o plan como folla de ruta e marco de referencia, e poñer en marcha cantas máis accións concretas sexan posibles, a proposta dos 3 partidos da Corporación de Ponteceso, previa tramitación dos correspondentes expedientes administrativos que procedan.
2. Avaliar periódicamente, a través das reunións dos órganos de Goberno municipal, a posta en marcha destas medidas.

**6. A )**



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

**PROPOSTA DE URXENCIA. Aprobación dos pregos que rexirán a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos Mestres, en réxime de aluguer.**

Por parte da Sra. Secretaria aclárase que primeiro é necesario votar a urxencia, debendo acadar maioría absoluta e posteriormente debatirse do contido da proposta se acada esa maioría.

Por parte de Alcaldía indícase a intención da traer esta proposta por urxencia, fora da orde do día, en aras da transparencia, e aínda que é competencia da XGL , considera que é urxente esta aprobación , respondendo a preguntas anteriores feitas en pleno.

Sométese a votación a urxencia:

Votos a favor: 8 do PSOE

Votos en contra: ----

Abstencións: 3 do PP e 2 de APIN.

Queda aprobada a urxencia por maioría absoluta, polo que procede debatir sobre o contido da proposta.

Contamos no Concello de Ponteceso coa relación de demandantes de vivenda inscritos no Rexistro Único de Demandantes de vivendas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de data 13-11-2017, autoriza a desafectación das vivendas dos mestres, números 10 e 12, sitas na Rúa Colexio ,Ponteceso, segundo o informe asinado polo secretario acctal. Emilio Caínzos Quintás, con data do 09 de marzo de 2018, que consta no expediente.

En base á Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases para a concesión das subvencións para a rehabilitación das antigas vivendas de mestres, O Concello de Ponteceso solicita a subvención para a rehabilitación da vivenda nº 10, con referencia Catastral 8876505NH0887N0001DX.

Mediante Resolución do 17 de xullo de 2018 o Instituto Galego de Vivenda e Solo concede ao Concello de Ponteceso a subvención para a rehabilitación da antiga vivenda dos mestres nº 10.

Con esta subvención rehabilitáronse os dous pisos da vivenda nº 10, de titularidade municipal garantindo o cumprimento dos requisitos básicos de funcionalidade, seguranza, habitabilidade e/ou accesibilidade.

Tendo en conta os antecedentes acreditativos da súa cualificación xurídica, catastral, e certificación do inventario.

Tendo en conta a memoria de alcaldía do 11.05.2020 no se exponen antecedentes e as necesidades que se pretende cubrir.

Tendo en conta o prego de cláusulas que regulará a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos Mestres, en réxime de aluguer do 11.05.2020

Tendo en conta o informe xurídico emitido polo TAG, Emilio Cainzós Quintás, que ten atribuídas estas función por acordo plenario do 30.07.2018, de data 14.05.2020.

Tendo en conta a memoria elaborada pola Traballadora Social do 18.05.2020 no que se analiza a situación socio-económica de Ponteceso.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Vista a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa redacción vixente trala modificación practicada sobre o mesmo a través do Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, que establece expresamente:

*"Disposición adicional terceira. Suspensión de prazos administrativos.*

1. *Suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o presente real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.*

2. *A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

3. *Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.*

4. *Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.*

5. *A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos a que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos procedementos administrativos nos ámbitos da afiliación, a liquidación e a cotización da Seguridade Social.*

6. *A suspensión dos termos e a interrupción dos prazos administrativos a que se fai referencia no apartado 1 non será de aplicación aos prazos tributarios, suxeitos a normativa especial, nin afectará, en particular, aos prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións tributarias."*

Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía 374/2019 e 283/2020 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local, así como a disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Propoño ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.** Declarar esencial e de interese público a aprobación destes pregos que rexirán a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos Mestres, en réxime de aluguer por considerase urxente solventar e apoiar a situación que están a vivir certas familias como consecuencia da pandemia COVID19 e a crise económica que arrastra dita pandemia.

**SEGUNDO:** Publicar estes pregos no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web polo prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación.

De seguido ábrese a rolda de intervencións, tendo a palabra o voceiro do PP, Sr. García Cotelo que lle bota en cara ao Alcalde que traia esto de urxencia cando foi o 5.09.2019 cando lle entregaron a vivenda. Tardou case un ano en facer as bases, e traenas agora para saír na prensa. Se este asunto fose urxente estarían




**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

feitas en outubro e non en maio, polo que considera que una falta de respecto. Engase que por parte da Conselleira no momento da entrega puxéronse a súa disposición para facilitarlle todo tipo de documentación

Polo Voceiro de APIN, Sr. Pose Verdes, no turno da palabra, adhirese as palabras do PP, e indica que esto ven da anterior lexislatura e a solicitude da subvención foi por a insistencia da concelleira . Manifesta o seu total desacordo con traer este punto por urxencia ao pleno, dado que a única finalidade é sair na prensa.

Por parte do Sr Alcalde, no uso da palabra indica que nos orzamentos deste ano viña una subvención finalista para amoblar estas vivendas, que foron recibidas recentemente e así quedaron aptas para ser habitadas. De todos modos, tendo en conta o carácter social da proposta , espero que voten a favor.

Por parte da Sr Secretaria procédese a lectura da proposta de alcaldía, que na súa parte dispositiva di:

Propoño ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.** Declarar esencial e de interese público a aprobación destes pregos que rexirán a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos Mestres, en réxime de aluguer por considerase urxente solventar e apoiar a situación que están a vivir certas familias como consecuencia da pandemia COVID19 e a crise económica que arrastra dita pandemia.

**SEGUNDO:** Publicar estes pregos no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web polo prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación."

De seguido sométese a votación

Votos a favor: 13 (8 do PSOE; 3 do PP; 2 APIN).

Votos en contra:-----

Abstencións:-----

Polo que o pleno, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Declarar esencial e de interese público a aprobación destes pregos que rexirán a adxudicación de dúas vivendas sociais municipais, sitas no edificio anexo ás escolas, antigas vivendas dos Mestres, en réxime de aluguer por considerase urxente solventar e apoiar a situación que están a vivir certas familias como consecuencia da pandemia COVID19 e a crise económica que arrastra dita pandemia.

**SEGUNDO:** Publicar estes pregos no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, así como na súa páxina web polo prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación."

**6 B.- MOCIÓNS**

O Sr. Alcalde indica que consta unha moción presentada por parte do PP e indica que previamente haberá que proceder a votar a urxencia.

Votos a favor: 13 ( 8 do PSOE, 3 do PP e 2 de APIN)

Queda aprobada a urxencia por unanimidade, polo que o Sr Alcalde da a palabra ao voceiro do PP, Sr. García Cotelo, para que proceda a expoñer a súa moción.

**MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A ADOPCION DE MEDIDAS SOCIAIS E ECONÓMICAS EN RELACIÓN Á CRISE DO COVID-19**



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

O Grupo Municipal Popular no concello de Ponteceso. con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O venres 13 de marzo de 2020 publicouse no DOG o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se declaraba a situación de emerxencia sanitaria ante a evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 na nosa Comunidade Autónoma, que daquela contaba con 7 pacientes ingresados en UCI, 26 en unidades de hospitalización, 79 no domicilio e ningún falecido.

Ese mesmo 13 de marzo, os datos en España eran máis preocupantes: xa faleceran 120 persoas e o número de contaxiados positivos eran 4.209. Esta situación levou ao goberno a declarar o estado de alarma mediante o Real Decreto 463/2020, que entrou en vigor o domingo 15 de marzo.

A declaración do estado de alarma e a situación de emerxencia sanitaria estableceron a suspensión ou limitación dun número importante de actividades sociais e económicas, así como restricións na mobilidade das persoas (a través do Real Decreto 463/2020) ante o risco para a saúde pública que supón a propagación deste virus.

Todas as administracións debemos traballar coa máxima lealdade e coordinación para implementar, dentro do noso respectivo marco competencial, medidas que garantan a seguridade e a saúde dos cidadáns, así como tamén aquelas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

E, en primeiro lugar, nós debemos velar porque o noso concello, en función das nosas disponibilidades orzamentarias e persoais, e dado o seu carácter de administración máis próxima ao cidadán, preste a mellor atención posible aos colectivos máis vulnerables, así como aos sectores máis castigados por esta pandemia co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Ponteceso, presenta a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDOS

1. Amosar o pésame desta Corporación ás familias das persoas falecidas durante esta pandemia, así como o noso apoio e recoñecemento a todos os profesionais da saúde, dos servizos sociais, da seguridade pública e dos restantes servizos esenciais e a todos os voluntarios que contribuíron e están contribuíndo co seu labor a paliar ou minimizar os danos causados polo COVID-19

2. O concello de Ponteceso aprobará e implantará, a través dos correspondentes órganos competentes, e con respecto a legalidade vixente as seguintes medidas:

- 1 Creación urxente dunha **Mesa de Orzamentos** integrada por un membro de cada un dos tres grupos políticos que formamos a corporación municipal así como polos técnicos municipais co obxecto de adaptar o orzamento á nova situación reforzando as partidas orzamentarias en materia de servizos sociais e promoción económica nas contías necesarias para facer fronte aos gastos do COVID.
- 2 Creación do **Comité para a recuperación de Ponteceso**, formado por unha persoa de cada grupo político, técnicos municipais, representantes dos hostaleiros, comerciantes e empresarios e das entidades sociais.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

- 3 Deseño de **Estratexia de dinamización e consumo no comercio, servizos e hostalaría local** ( mapa interactivo que facilite localización e coñecemento dos negocios, implicación na plataforma vendas online e planificación de actividades culturais e de ocio en todas as parroquias)
  - 4 **Apoio económico directo a familias con dificultades por COVID-19.**
  - 5 Aprobación dun **plan de apoio ás entidades sociais** que traballan cos colectivos máis vulnerables.
  - 6 **Programación alternativa á Festa do Percebe** que active e dinamice o consumo na hostalería e comercio do noso concello ( guiñol, teatro, exposicións ao aire libre, pequenos concertos etc)
  - 7 **Redeseño das Festas Patronais**
3. O seguimento e a verificación do cumprimento das anteriores medidas incluírase como un punto específico da orde do día das sesións plenarias desta Corporación municipal

De seguido dase a palabra ao voceiro de APIN, Sr. Pose Verdes, que manifesta que está dacordo coa moción pero considera que se debería adoptar medidas máis concretas, poñendo de exemplo que de nada serve axudar dentro de seis mese ao propietario dun bar, se dentro de seis meses o mesmo vai estar pechado. Este tipo de medidas teñen que ser áxiles, vendo os cartos dos que dispón o Concello e priorizando.

Por parte do Sr. Alcalde, facendo uso da palabra, indícase que a moción non se puxo a disposición do resto dos partidos porque hai que ter en conta o que dispón o artigo 53 do ROM "*Moción: é a proposta que se somete directamente ao Pleno por razóns de urxencia e que calquera membro da Corporación presentara no Rexistro, mediante un escrito dirixido ao presidente no que se motive debidamente a urxencia e que estea suscrito polo portavoz do grupo, ata as 14:00 horas do día anterior a aquel no que se celebre a sesión plenaria, agás casos de forza maior nos que está permitido presentar a moción no momento de hincar a comisión.*"

Tendo en conta o anterior, o última día para presentar a moción sería o venres , cousa que non se fixo ata o domingo, aclara o Sr Alcalde

Continúa dicindo o Sr. Alcalde que en aras da colaboración ofrecida anteriormente, están dispostos a votar a favor da moción sempre e cando se cumpra coa lexislación local e sexan órganos competentes. Hai certos aspectos na moción que contradirían a LBRL, de feito no que atinxe a mesa de orzamentos, para eso podería estar a Xunta de Portavoces, e indica que el podería reunirse mañá mesmo. Hai que ter en conta que hai certos organismos que contradicen o que establece a propia lexislación local, polo que para votar a moción a favor a mesma deberá incluír este punto: "So levar a cabo as medidas comptaibles coa LBRL e co ROM"

Por parte do voceiro do PP indícase que eles o que buscan é certa formalidade, non una reunión de amigos

Por parte do voceiro de APIN indícase que un órgano que podería utilizarse sería a Comisión Especial de Contas.

Establece o alcalde que para votar a favor deberán engadir so levar a cabo as medidas compatibles coa LBRL e o ROM"

De seguido sométese a votación:

Votos a favor: Dous 13 8 do PSOE, 3 do PP e 2 de APIN)

Votos en contra: -----

Abstencións: -----



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

Polo que o Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Amosar o pésame desta Corporación ás familias das persoas falecidas durante esta pandemia, así como o noso apoio e recoñecemento a todos os profesionais da saúde, dos servizos sociais, da seguridade pública e dos restantes servizos esenciais e a todos os voluntarios que contribuíron e están contribuíndo co seu labor a paliar ou minimizar os danos causados polo COVID-19
2. O concello de Ponteceso aprobará e implantará, a través dos correspondentes órganos competentes, e con respecto a legalidade vixente, sempre e cando sexan compatibles coa LBRL e ROM, as seguintes medidas:

- 1 Creación urxente dunha **Mesa de Orzamentos** integrada por un membro de cada un dos tres grupos políticos que formamos a corporación municipal así como polos técnicos municipais co obxecto de adaptar o orzamento á nova situación reforzando as partidas orzamentarias en materia de servizos sociais e promoción económica nas contías necesarias para facer fronte aos gastos do COVID.
- 2 Creación do **Comité para a recuperación de Ponteceso**, formado por unha persoa de cada grupo político, técnicos municipais, representantes dos hostaleiros, comerciantes e empresarios e das entidades sociais.
- 3 Deseño de **Estratexia de dinamización e consumo no comercio, servizos e hostalaría local** ( mapa interactivo que facilite localización e coñecemento dos negocios, implicación na plataforma ventas online e planificación de actividades culturais e de ocio en todas as parroquias)
- 4 **Apoio económico directo a familias con dificultades por COVID-19.**
- 5 Aprobación dun **plan de apoio ás entidades sociais** que traballan cos colectivos máis vulnerables.
- 6 **Programación alternativa á Festa do Percebe** que active e dinamice o consumo na hostalería e comercio do noso concello ( guiñol, teatro, exposicións ao aire libre, pequenos concertos etc)
- 7 **Redeseño das Festas Patronais**

3 O seguimento e a verificación do cumprimento das anteriores medidas incluírase como un punto específico da orde do día das sesións plenarias desta Corporación municipal

## 8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

### 8.1.- ROGOS

O Sr. Alcalde ao non haber rogos presentados por escrito coa antelación suficiente que sinala o Regulamento Orgánico Municipal, pregunta se algún Grupo Municipal desexa formular algún rogo, e ao non se presentar ningún pasa ás preguntas.

### 8.2 PREGUNTAS

O Sr. Alcalde ,en primeiro lugar, da a palabra ao Sr García Cotelo para que formule as preguntas, que dado que non se presentaron en tempo e forma quedan para o vindeiro pleno:



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

1 ¿ A intervención da empresa de fontanería, Carlos Busto S.L. no Tanque de tormentas de Corme, nestes últimos 4 anos foron contratadas ou autorizadas polo señor Alcalde? . No caso contrario indique por quen.

- 2 ¿A anterior referida intervención foi consecuencia dun contrato celebrado entre o Concello e a referida empresa ¿
- 3
- 4 ¿Canto cobrou a empresa, Carlos Busto S.L., por os traballos realizados neste Concello nos anos 2015,2016,2017,2018,2019, e 2020? Identifique a persoa que supervisou a realización dos traballos e autorizou os pagos.

En segundo lugar , o Sr Alcalde procede a dar resposta as formuladas polo concelleiro Sr. Pose Verdes, voceiro do G.M. de APIN, no pleno anterior:

1. ¿Cando vai licitar os seguros, a telefonía, a electricidade, a limpeza viaria, os xardíns, etc..?

O compromiso do goberno e que se liciten todas as obras que sexan preceptivo licitar, así como todos os servizos recorrentes, e dicir, que excedan de máis dun ano de duración. Neste momento estanse a elaborar os pregos da concesión da augae sanamento, así como o martemento de xardíns, parques biosaludables e campos de fútbol. Do mesmo xeito xa se mantiveron reunión cos catro alcaldes da comarca bergantiñan para a licitación do punto limpo, limpeza viaria e recollida de lixo, que neste último caso irá para empresas de economía social.

2 O BNI, organización global asentada como "networking empresarial", engloba a profesionais de negocios que se axudan mutuamente para facer crecer os seus negocios a través do seu compromiso co seu principal valor, gañar dando. ¿Alcalde, vostede que empresa ten? Como pode ser que o concello pagara a cota de 998 euros para que o alcalde sexa membro da organización. A intervención e a secretaría saben de que vai esta organización?. Voulle poñer un exemplo, son o alcalde de Ponteceso ¿A quen lle compra vostede os chourizos?

O Alcalde responde que o único que fai o concello e anunciar que hai parcelas en venda ou naves, incluso que hai parcelas en aluguer con opción a compra. Inténtase promocionar o polígono que durante os últimos 25 anos estivo abandonado e moitos propietarios tiñan sen edificar, situación que está a cambiar nestes momentos

3 ¿Como están os contratos dos empregados do GES? ¿É certo que Rubén Pérez volve a ser o coordinador?. Fágolle a pregunta polas veces que houbo que aguantalos a vostede con este tema do coordinador na pasada lexislatura, houbo que aceptar todas as propostas contra o Sr. Rubén Pérez e agora, ¿volve a ser o coordinador?.

O alcalde indica que non se fixo ningún cambio nos contratos. O único cambio que se fixo foi a prórroga do convenio do Ges, existindo o compromiso de incluír esos postos na RPT como laborais fixos, para poder consolidar esas plazas.

Por outra banda amosa o seu agradecemento aos membros do GES polo moi correcto desempeño das súas funcións nestes momentos e reitera que o seu traballo foi exemplar, polo que lles rinde unha especial homenaxe. Reitero que a RPT está en marcha, esperemos aprobala pronto e poder regularizar todas as plazas.

Respondidas as preguntas, o Sr. Pose Verdes, realiza de forma verbal, as seguintes preguntas:

1. Pregunta se unha multa da Consellería de Facenda por un importe de 3.700 en materia sanitaria está relacionada cos problemas de auga en Corme.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

2. Pregunta por unha multa da Xunta co código sanción RL de traballo por importe de 600 euros.
3. Pregunta por qué retirou o punto terceiro do pleno de hoxe.

O Sr. Alcalde indica que se lle constestarán no seguinte pleno

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás vinte horas e cincuenta e oito minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria , asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente

A Secretaria

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.

Asdo; Antía Pena Dorado